

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 9 DE XULLO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto sobre contaminación acústica de Galicia.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se crea a Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación da calidade dos servizos públicos da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Autismo Ourense para posibilitar os desprazamentos de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial Ilustre Mestre, polo importe máximo de vinte e cinco mil setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (25.076,32 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do Sistema Universitario de Galicia para completar as axudas ao persoal investigador principal dos programas Starting Grants, Consolidator Grants e Advanced Grants do Consello Europeo de Investigación, por un importe total dun millón douscentos vinte e cinco mil euros (1.225.000 €).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Quiroga, para os investimentos de ampliación e adaptación do edificio municipal de servizos sociais, destinados á prestación de servizos de atención diúrna. Importe total: cento cincuenta mil euros (150.000 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe dos Camiños do Norte.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a implantación do bono de alugueiro social no marco das medidas de apoio as unidades familiares afectadas por desafiuzamentos por impagamento de rendas de alugamento.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o programa Capacita.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o proxecto de deseño, construción e fase de demostración de dous puntos de atención diagnóstico- terapéutico móbil, dentro do proxecto Innova- Saúde.
- Informe do gasto farmacéutico desde o mes de xaneiro a maio de 2015.

A XUNTA APROBA O DECRETO QUE ACTUALIZA E ADAPTA Á NORMATIVA EUROPEA A REGULACIÓN DA CONTAMINACIÓN ACÚSTICA EN GALICIA

- *Esta nova disposición autonómica establece as medidas necesarias para previr, vixiar e corrixir a contaminación acústica na Comunidade, co fin de evitar e reducir os danos que desta poden derivar*
- *Establece a necesidade de incorporar aos plans urbanísticos a diagnose e xestión da contaminación acústica producida por grandes infraestruturas*
- *Fíxanse os estándares para o illamento acústico das edificacións e o procedemento para acreditar o cumprimento*
- *Os instrumentos de ordenación territorial e planeamento deberán ter en conta a existencia de reservas de son de orixe natural que deben ser preservados*
- *A Xunta poderá aprobar unha proposta de ordenanza de aplicación voluntaria destinada a facilitarlles aos concellos con menor capacidade técnica o cumprimento da obriga de dispoñer de normativa nesta materia*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o Decreto sobre contaminación acústica de Galicia, que ten por obxectivo establecer as medidas necesarias para previr, vixiar e corrixir a contaminación por ruído, co fin de evitar e reducir os danos que desta poden derivar para a saúde humana, os bens ou o ambiente, así como regular as actuacións específicas en materia de ruído e vibracións no ámbito territorial da Comunidade Autónoma galega.

Este decreto incorpora ao dereito autonómico a normativa estatal e europea actual en materia de contaminación acústica. Así, esta nova disposición normativa vén desenvolver a normativa estatal en cuestións como a distribución de competencias entre as distintas consellerías e organismos cuxa actividade ten a maior incidencia na xestión e no control da contaminación acústica.

Así mesmo, establece as canles para recoller a zonificación acústica do territorio nos plans urbanísticos e demais instrumentos de ordenación territorial e recolle a necesidade de incorporar a diagnose e xestión da contaminación acústica producida polas grandes infraestruturas (estradas, portos, aeroportos, etc) aos plans urbanísticos ou instrumentos de ordenación territorial.

Entre as novidades máis destacables está o establecemento de estándares de illamento acústico para as edificacións, así como o procedemento para acreditar o seu cumprimento. Nese sentido, segundo o decreto, requirirase a elaboración dun informe de ensaio que xustifique que as edificacións cumpren cos illamentos acústicos exixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen niveis sonoros aos valores límite permitidos.

En canto ás actividades que se pretendan desenvolver nas edificacións, exixirase a elaboración dun informe previo en que se determinará que, sobre a base das medicións realizadas nos locais, se está en condicións de garantir o illamento acústico con respecto ás vivendas lindeiras e o illamento acústico da fachada.

Así mesmo, establécense os requirimentos técnicos que deben cumprir as empresas que realicen tarefas de avaliación de ruídos.

Doutra banda, o decreto establece que os instrumentos de ordenación territorial e de planeamento urbanístico deberán ter en conta a eventual existencia de reservas de son de orixe natural co obxectivo de conservar estes enclaves polo seu significado ambiental ou cultural.

Este decreto outorga unha especial relevancia á subministración de información á cidadanía e prevé a elaboración dun informe anual que inclúa os mapas de ruído e plans de acción aprobados, as actuacións en materia de sensibilización e os datos das redes de contaminación acústica das diferentes administracións. Neste informe incorporárase, tamén, a información concreta sobre as actuacións levadas a cabo polas entidades promotoras de infraestruturas do transporte ou portuarias.

Ademais, régúlase a posibilidade de suspensión dos obxectivos de calidade acústica en casos especiais, tales como festas, competicións deportivas, etc, para o que previamente se deberá emitir unha resolución municipal na cal se determinen o ámbito, o prazo e as limitacións horarias, así como as medidas correctoras e os límites máximos de emisión aplicables.

Finalmente, o decreto establece que no prazo de nove meses desde a súa aprobación, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas aprobará unha proposta de ordenanza en materia de ruído, de aplicación voluntaria por parte dos concellos. A función da proposta de ordenanza autonómica será servir de modelo, guía ou base para que cada ente local que o desexe poida elaborar a súa propia normativa.

Os concellos de Galicia deberán contar cunha ordenanza sobre contaminación acústica adaptada á normativa básica estatal no prazo máximo dun ano (desde a entrada en vigor do decreto que hoxe se aproba en Consello). A aprobación da dita ordenanza deberá ser comunicada á Consellería.

Non obstante, a Xunta, a través do departamento en materia ambiental, poderá aprobar - mediante orde- unha proposta de ordenanza de protección contra a contaminación acústica, que poderá ser de aplicación nos concellos que así o acorden a través de trámites previstos pola lexislación de réxime local.

A XUNTA ACORDA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN INTERDEPARTAMENTAL DE INFORMACIÓN E AVALIACIÓN DA CALIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS AUTONÓMICOS

- *Coa creación desta comisión darase cumprimento a un dos mandatos recollidos na Lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración*
- *Crearase con medios propios e a súa posta en funcionamento non suporá ningún incremento de custo económico*
- *Entre os seus obxectivos están a mellora continua dos servizos públicos autonómicos e o fomento da participación cidadá*

O Consello da Xunta acordou hoxe a creación dunha comisión interdepartamental que se encargará de coordinar a información á cidadanía e as actuacións relativas á avaliación da calidade dos servizos públicos dentro do sector público autonómico. Coa creación desta comisión dáse cumprimento a un dos mandatos recollidos na Lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.

Entre os obxectivos desta comisión, que estará presidida polo vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, están a mellora continua dos servizos públicos autonómicos e o fomento da participación da cidadanía coa integración das súas expectativas e necesidades na planificación e programación dos servizos públicos a nivel autonómico.

Na Comisión participarán como vogais o secretario xeral da Presidencia, Manuel Galdo, e as persoas titulares das secretarías xerais técnicas das consellerías da Xunta de Galicia, mentres que a secretaria da mesma recaerá na directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, Natalia Prieto. Ademais, a Comisión poderá crear as subcomisións e grupos de traballo ou de mellora que considere oportunos para o desenvolvemento das súas funcións.

A creación desta Comisión de Información e Avaliación da Calidade dos Servizos Públicos efectuarase con medios propios, tanto a nivel técnico como persoal, polo que a súa posta en funcionamento non suporá ningún incremento de custo económico. Os membros da Comisión non percibirán ningunha indemnización pola realización das súas funcións.

Cometidos da Comisión

Respecto ao ámbito da información á cidadanía, a Comisión encargárase de potenciar a colaboración entre os distintos órganos do sector público autonómico e do intercambio de coñecementos e boas prácticas. Tamén determinará as liñas comúns de actuacións

e medidas necesarias para a mellora dos servizos públicos e establecerá, previamente á súa difusión pública, os novos contidos de información que se ofrecerán á cidadanía.

No relativo ao ámbito da avaliación e calidade, a Comisión Interdepartamental impulsará a elaboración de plans para a implantación de melloras na calidade dos servizos públicos, identificará posibles áreas de mellora e promoverá accións encamiñadas a coñecer a opinión e o grao de satisfacción dos usuarios cos servizos.

Ademais, entre as tarefas da Comisión estarán: a emisión dun informe do Plan xeral de xestión e mellora da calidade do sector público autonómico, previsto na Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía de calidade e boa administración dos servizos, a aprobación dun informe anual sobre a calidade dos servizos públicos ou a subministración periódica ás organizacións sindicais representativas do sector de información agregada sobre os resultados obtidos e os criterios de constitución e funcionamento.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN ELEVA A 200 O NÚMERO DE ALUMNOS CON DISCAPACIDADES AOS CALES FACILITARÁ O SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR ADAPTADO

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á colaboración con Autismo Ourense, que se suma aos acordos que se asinarán para este mesmo fin con outras oito asociacións***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinará un convenio de colaboración con Autismo Ourense para a prestación do servizo de transporte escolar, de tal forma que se eleva a 200 o número de alumnas e alumnos aos cales o departamento educativo da Xunta de Galicia facilita este servizo complementario adaptado. Neste sentido cómpre lembrar que no Consello da Xunta do pasado 25 de xuño se aprobou a sinatura de convenios con outras oito asociacións para este mesmo fin que, xunto co hoxe aprobado, sumarán un investimento de máis de 533.000 euros en transporte adaptado.

Trátase de escolares con distintos tipos de discapacidades que precisan nos seus traslados ao centro educativo dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades físicas e psíquicas particulares. Así, os convenios cobren os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar. Ademais, o servizo obxecto do convenio estará adaptado ás necesidades horarias das alumnas e alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que necesitan.

Ao abeiro destes convenios, as devanditas asociacións comprométense a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos especializados de acompañamento e atención ao alumnado trasladado. Pola súa banda, a consellería farase cargo do 80% do gasto derivado da prestación destes servizos.

Os acordos encádranse no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require unha atención específica e preferente.

CULTURA E EDUCACIÓN REFORZARÁ CON 1,2 MILLÓNS DE EUROS OS INVESTIGADORES BENEFICIARIOS DOS PROGRAMAS STARTING, CONSOLIDATOR E ADVANCED GRANTS

- *O Consello da Xunta dálle o visto e prace a un convenio entre a Consellería e as tres universidades do SUG a través do cal os investigadores principais recibirán axudas complementarias para crear ou consolidar o seu propio equipo ou programa de investigación*
- *Os Starting percibirán 50.000 euros, os Consolidator 65.000 e os Advanced 80.000 euros anuais durante a vixencia das súas subvencións, outorgadas polo Consello Europeo de Investigación (ERC)*
- *Esta iniciativa enmárcase dentro do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 e do programa Oportunius, orientados a captar e reter o mellor talento investigador de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e mais as tres universidades do SUG (Sistema Universitario de Galicia) mediante o cal os investigadores principais beneficiarios dos programas Starting Grants (StG), Consolidator Grants (CoG) e Advanced Grants (AdG) recibirán axudas complementarias –que se suman ás outorgadas polo Consello Europeo de Investigación (ERC)– para crear ou consolidar o seu propio equipo ou programa de investigación.

Esta iniciativa enmárcase dentro do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C), en liña co programa Oportunius, co que a Xunta de Galicia, co esforzo das consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Economía e Industria, busca captar e reter o mellor talento investigador en Galicia.

Pola súa banda, o programa ERC forma parte do alicerce “ciencia excelente” do Horizonte 2020 e é singular tanto pola natureza das candidaturas e polos investigadores individuais, como polo crecente prestixio que están a adquirir, xa que se recoñece a nivel internacional (non só europeo) a excelencia dos proxectos. A concesión, por tanto, dota de prestixio os candidatos que logran éxito na súa proposta e as universidades ou institucións que os acollen.

Ao abeiro deste convenio, o departamento que dirixe Román Rodríguez destinará máis de 1,2 millóns de euros para tal fin co obxectivo de apoiar a actividade destes investigadores excelentes e, en consecuencia, incentivar a súa permanencia no SUG, así como potenciar a creación dunha rede científica ao seu redor. Trátase, por tanto, dun convenio que reflicte o compromiso da Xunta de Galicia coa investigación universitaria, un ámbito en que a captación e retención do mellor talento con ideas

innovadoras é esencial para fortalecer e fomentar a excelencia científica dentro do sistema público galego de investigación.

Neste sentido, a contía das axudas complementarias variará segundo a categoría do programa con que foron recoñecidos. Deste xeito, en virtude do convenio cada StG percibirá 50.000 euros por ano, os CoG recibirán 65.000 e os AdG, 80.000. Os investigadores beneficiaranse deste apoio económico durante a vixencia –cinco anos– das súas axudas ERC. De feito, o acordo entre Consellería e universidades estenderase ata 2019.

Obxecto das axudas

As ditas axudas están orientadas a financiar as actividades destes investigadores singulares sempre e cando manteñan a vinculación laboral coa súa universidade e non as empreguen para financiar custos xa cubertos directamente polas subvencións dos diferentes programas Grants da Unión Europea. Poderanse utilizar para sufragar o custo da contratación do persoal investigador ou auxiliar para formar o equipo, os gastos de equipamento e material funxible, os de formación do persoal do equipo ou os derivados dos desprazamentos vinculados co proxecto, entre outros.

É dicir, este convenio non só busca contribuír a cubrir os gastos asociados á creación e consolidación dun equipo dependente dun investigador principal, senón que tamén axudará a impulsar unhas carreiras profesionais independentes, reforzando a excelencia, o dinamismo e a creatividade da investigación.

Sete galegos con proxectos de investigación ERC

En total son sete os investigadores principais galegos que se beneficiarán deste programa de axudas, posto que son os únicos con subvencións vixentes outorgadas polo ERC. En concreto, a Universidade de Santiago de Compostela conta con catro Starting Grants e un Advanced, a Universidade da Coruña ten entre as súas filas a un StG e a de Vigo un Consolidator.

O programa StG está pensado para persoal investigador que acumule de 2 a 7 anos de experiencia dende a finalización do doutoramento, o CoG para científicos con entre 7 e 12 anos e o AdG, para aqueles que xa contan cun mínimo de 10. Ambos os tres programas prevén axudas a longo prazo –cunha duración de ata cinco anos– co obxectivo de potenciar proxectos pioneiros e innovadores nos diferentes campos de actuación dos investigadores recoñecidos, unhas persoas que presentan un perfil moi singular así como unha traxectoria prometedora.

Crear un contorno para reter os investigadores

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considera que é altamente estratéxico apoiar as iniciativas do Consello Europeo de Investigación e

mellorar as condicións necesarias para crear un contorno capaz de reter estes investigadores de referencia.

Ademais, cómpre lembrar que o éxito nestes programas, máis aló do retorno científico e económico que o investigador produza, supón un indicador de calidade para o organismo en que este desempeña directamente o seu traballo e, polo tanto, para o conxunto do sistema galego de I+D+i.

A XUNTA INVESTIRÁ 150.000 EUROS NA POSTA EN MARCHA DE 20 PRAZAS DE ATENCIÓN DIÚRNA PARA PERSOAS DEPENDENTES EN QUIROGA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Quiroga*
- *Ampliarase e adaptarase un edificio municipal de servizos sociais que se converterá nun centro de día*
- *A Xunta oferta en Galicia máis de 2.200 prazas públicas en centros de día, un 130 por cento máis que en 2009*
- *As prazas de maiores en toda a Comunidade (residencias, centros de día e de alzhéimer) supera as 9.500*
- *Galicia é a segunda autonomía de todo o Estado con maior porcentaxe de servizos profesionais*

A Xunta investirá un total de 150.000 euros na construción e posta en marcha dun centro de día de 20 prazas para persoas dependentes en Quiroga. O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Quiroga para este fin. Ampliarase e adaptarase un edificio municipal de servizos sociais que se destinará á atención diúrna.

Esta actuación enmárcase na política do Goberno galego de garantir o dereito a que os servizos no medio rural sexan accesibles ás persoas con dependencia e ás persoas maiores, adecuando os programas de atención social co fin de garantir a súa efectividade no dito medio. Esta iniciativa é complementaria a outras levadas a cabo no rural como o Plan de desenvolvemento rural 2010-2014.

A Xunta oferta en Galicia máis de 2.200 prazas públicas en centros de día, un 130 por cento máis que en 2009. As prazas de maiores en toda a Comunidade (residencias, centros de día e de alzhéimer) supera as 9.500.

A posta en marcha de prazas públicas para persoas maiores é unha das prioridades da Xunta. Neste eido, é preciso destacar que Galicia é a segunda autonomía de todo o Estado con maior porcentaxe de servizos profesionais.

Ademais, os orzamentos de 2015 recollen un incremento de 15,3 millóns de euros en novos servizos para as persoas con dependencia. Entre as partidas que se aumentan destaca a destinada ao mantemento de prazas públicas en centros de maiores, que alcanzan os 82 millóns de euros, 4 millóns máis que o ano pasado. Ademais, o orzamento para o Servizo de Axuda no Fogar para a Dependencia aumenta en 8,6 millóns de euros, chegando aos 46,3 millóns de euros. Con este investimento, a

Consellería incrementou en 1.000 persoas o número de beneficiarios deste servizo en Galicia.

En global, ao eido da dependencia, a Xunta destina este ano case 300 millóns de euros, o que supón un incremento de 20 millóns de euros con respecto a 2014. Trátase, un ano máis, da partida que concentra o maior esforzo orzamentario da Consellería de Traballo e Benestar.

En definitiva, desde o ano 2009, o Goberno galego vén realizando unha aposta decidida en materia de dependencia para chegar ao maior número de beneficiarios e mellorar a calidade da atención ofrecida, tamén coa posta en marcha de importantes avances tecnolóxicos e de xestión na área de dependencia.

O PLAN DIRECTOR REFORZARÁ AS ACTUACIÓNS NOS CAMIÑOS DO NORTE PARA APROVEITAR AO MÁXIMO A DECLARACIÓN DA UNESCO

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a folla de ruta que se levará a cabo nestes itinerarios cara ao Xacobeo 2021*
- *Dentro do Plan director do Camiño, as primeiras medidas de adecuación que se acometerán serán no Camiño Primitivo e no Camiño do Norte tanto neste 2015 como ao longo do próximo 2016*
- *As principais liñas de actuación serán o reforzo da oferta de albergues, a mellora dos servizos aos peregrinos, o tratamento dos propios camiños, a promoción e a coordinación*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a folla de ruta que se levará a cabo para aproveitar ao máximo a declaración dos Camiños de Santiago do norte peninsular como Patrimonio da Humanidade.

Así, acordouse reforzar, a través do Plan director do Camiño de Santiago, as actuacións previstas nestes itinerarios cara ao Xacobeo 2021 a través de cinco liñas estratéxicas.

En primeiro lugar, reforzarase a oferta de albergues cunha actuación especialmente importante no Concello da Fonsagrada, coa apertura dun novo albergue no casco histórico que dará resposta aos problemas que se rexistran actualmente nese municipio.

O obxectivo é duplicar a oferta de albergues nestes camiños e a oferta na Fonsagrada e mellorar os servizos na ruta.

En segundo lugar, abordaranse actuacións para a mellora dos servizos aos peregrinos, para que poidan recibir a mellor atención posible.

Neste senso, con carácter inmediato, estas rutas veranse beneficiadas co Plan de dotación de cabinas para os alugueiros e da dotación de conexión wifi nos albergues dos Camiños do Norte, ao abeiro do Plan Smart Turismo.

Así mesmo, a Xunta acordou desenvolver medidas de mellora noutros eidos importantes para os peregrinos como os recursos hídricos -coa recuperación de fontes de auga potable-, o Plan de asistencia sanitaria ou a información, con novas estratexias didácticas e unha oferta de actividades culturais máis completa nestas rutas.

En terceiro lugar, reforzarase o tratamento dos verdadeiros protagonistas, os camiños. Así, dentro do Plan director do Camiño, as primeiras medidas de adecuación que se acometerán serán precisamente no Camiño Primitivo e no Camiño do Norte –tanto neste 2015 como ao longo do próximo 2016-. Neste senso, actuarase na limpeza das marxes, na sinalización ou na seguridade, entre outras iniciativas.

O cuarto ámbito de actuación aprobado polo Consello da Xunta ten que ver coa promoción. Aproveitarase o tirón que supón a declaración de Patrimonio da Humanidade levando a cabo diversas accións como a celebración de anos temáticos. Acordouse así que o próximo 2016 sexa o Ano do Camiño Primitivo e do Norte.

Finalmente, afondarase na coordinación co resto de administracións -para a cal se creará unha mesa de traballo cos concellos polos que pasan esta rutas, así como coa Deputación de Lugo-, coas institucións eclesiásticas -para a apertura das igrexas-, coas asociacións de Amigos do Camiño nestes itinerarios e coas outras autonomías polas que pasan os Camiños do Norte -a través de programas conxuntos como A España Verde ou o *Consejo Jacobeo*, entre outros-.

A XUNTA PON EN MARCHA O BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL, QUE PREVÉ AXUDAS Á VIVENDA DE ATA 4.050 EUROS EN DOUS ANOS PARA FAMILIAS DESAFIUZADAS POR NON PODER PAGAR A RENDA

- *O Goberno galego porá en marcha nas vindeiras semanas esta axuda de 150 euros ao mes durante un ano, prorrogable a dous, destinada a colectivos con dificultades para facerlle fronte ao custo do alugamento*
- *Prevese, así mesmo, a posibilidade dunha achega extraordinaria equivalente a tres mensualidades destinada a facer fronte á fianza é á alta das subministracións*
- *Esta iniciativa forma parte do Programa de apoio ás unidades familiares afectadas polo desafiuzamento por impagamento de renda, activado polo Goberno galego en aplicación do Plan rehaVIta*
- *Trátase dunha medida complementaria ás previstas ao abeiro dos acordos coas entidades de crédito, que lle permiten á Xunta dispoñer xa de 170 vivendas para destinar a familias desafiuzadas que pertencen a colectivos especialmente desfavorecidos, como familias numerosas, monoparentais, con todos os membros en paro ou vítimas de violencia de xénero*
- *Poderán beneficiarse do bono de alugueiro social as unidades familiares que, estando fóra deses colectivos especialmente vulnerables, teñan ingresos reducidos e se vexan privadas da súa vivenda habitual por un procedemento xudicial de desafiuzamento por impagamento da renda*
- *É unha achega económica compatible coas axudas que poidan conceder outras administracións ou entidades, así como outros departamentos da Xunta*
- *As axudas poderán solicitarse unha vez que se aprobe a orde e sexa publicada no Diario Oficial de Galicia*
- *Con esta medida, coa que Xunta prevé apoiar 750 familias ao ano, esténdese o abano de respostas posibles ás situacións de vulnerabilidade social en relación coa vivenda*

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace ao bono de alugueiro social, unha iniciativa que prevé axudas á vivenda de ata 4.050 euros en dous anos para familias desafiuzadas por non poder pagar a renda da súa residencia habitual. Tal e como informou hoxe na xuntanza do Goberno galego a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, responsable das competencias en materia de vivenda, nas vindeiras semanas porase en marcha esta nova medida de amparo a colectivos que se encontran con dificultades para facerlles fronte ao custo do arrendamento.

O bono alugueiro social concíbese como unha achega de 150 euros ao mes durante un ano, prorrogable a dous, e compatible coas axudas que poidan conceder outras administracións ou entidades e outros departamentos da Xunta para pagar a vivenda, co límite máximo da renda mensual do alugueiro.

Ademais poderase conceder unha achega extraordinaria, cun importe equivalente ao de tres bonos (450 euros), para facer fronte aos gastos derivados da formalización do novo contrato, en concreto a constitución de fianza e a alta en subministracións. Desta maneira o número máximo de bonos para conceder a unha familia será de 27 nun período de 24 meses, cun importe total máximo de 4.050 euros.

Os solicitantes deberán presentar o contrato de arrendamento da nova vivenda ou compromiso de arrendamento asinado polo inquilino e o propietario e será este último o que reciba directamente a axuda do bono de alugueiro social.

Con esta medida, a Xunta estende o abano de respostas posibles ás situacións de vulnerabilidade social en relación coa vivenda. O bono de alugueiro social é unha das iniciativas contempladas no Programa de apoio ás unidades familiares afectadas polo desafiuzamento por impagamento de rendas, que está a desenvolver a Xunta de Galicia na aplicación do Plan rehaVlta, o primeiro plan autonómico de vivenda, aprobado polo Consello da Xunta o pasado mes de febreiro.

No marco dese programa, o apoio por parte da Xunta ás familias que son privadas da súa vivenda habitual por un procedemento xudicial de desafiuzamento por impagamento da renda artículase mediante dúas posibilidades de intervención.

Así, as unidades familiares incluídas nalgún colectivo de atención preferente poderán ser realoxadas en algún inmovible xestionado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, preferiblemente nas vivendas postas á disposición da Xunta pola SAREB, Abanca e Caixa Rural, un total de 170 vivendas que se agardan incrementar con recursos cedidos por máis entidades de crédito.

Para estes efectos, consideraranse colectivos de atención preferente as familias numerosas, as familias monoparentais, familias con todos os membros en situación de desemprego e as mulleres vítimas de violencia de xénero.

Por outra parte, as unidades de convivencia que, tendo ingresos reducidos, non pertencen a ningún destes colectivos, ou cando pertencendo a eles, non exista ningunha vivenda xestionada polo IGVS adecuada para adxudicarlles, as familias poderán acceder ás axudas do programa bono de alugueiro social.

Ingresos reducidos

As axudas do bono de alugueiro social van dirixidas a unidades familiares ou de convivencia con ingresos familiares ponderados que non superen 1,5 veces o IPREM, o que supón entre 745,51 euros mensuais para unha soa persoa e 1.553,15 euros mensuais para unha familia con cinco persoas ou máis.

Esta axuda poderá solicitarse en canto saia publicada no *Diario Oficial de Galicia* a orde de convocatoria.

A Xunta de Galicia prevé inicialmente destinar 3,3 millóns de euros a sufragar o bono de alugueiro social durante os anos 2015, 2016 e 2017, coa previsión de axudar mediante esta fórmula 750 persoas ao ano e coa posibilidade de incrementar as partidas económicas do programa en caso necesario.

Deste xeito, e tendo en conta as liña de apoio mediante realoxamento en vivendas xestionadas polo IGVS, o Goberno galego prevé dar cobertura á totalidade dos desafuzamentos por impagamento de alugueiro que se produzan en Galicia nese período.

O PROGRAMA CAPACITA CHEGARÁ A 4.000 PEMES E MÁIS DE 10.000 EMPREENDEDORES CO OBXECTIVO DE IMPULSAR A COMPETITIVIDADE DO TECIDO EMPRESARIAL GALEGO

- *O plan enmárcase na Axenda da Competitividade Galicia-Industria 4.0, que ten entre os seus eixes de actuación a aposta polas persoas e organizacións para acadar empresas altamente especializadas e competitivas*
- *Destinaranse 2 millóns de euros ao ano durante o período 2015-2016 á mellora da formación do capital humano do tecido empresarial galego facilitando novas oportunidades de negocio*
- *O obxectivo principal é capacitar profesionais de cara ao reto perseguido por Galicia de renovar o tecido empresarial e potenciar a industria 4.0*
- *Promoverase a formación en idiomas, de modo especial en inglés, con cursos intensivos especializados en ámbitos propios do mundo empresarial como os contratos internacionais, a lexislación ou as exportacións*
- *Porase en marcha unha plataforma de formación en liña que adaptará as actividades formativas aos horarios e necesidades do tecido empresarial galego*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o novo programa Capacita da Consellería de Economía e Industria, unha pioneira iniciativa que busca mellorar a capacitación profesional dos emprendedores e das pequenas e medianas empresas galegas de cara a incrementar a súa competitividade. Para acadar este obxectivo, o programa do Igape, que destinará 2 millóns de euros ao ano durante o período 2015-2016, incidirá na importancia do capital humano poñendo a súa disposición unha ampla oferta de recursos de formación e especialización que aspiran a intensificar a produtividade empresarial, mellorar a súa rendibilidade e contar con profesionais preparados para abordar o reto perseguido por Galicia cara á Industria 4.0.

Deste xeito, o Capacita enmárcase no contexto da Axenda da Competitividade Galicia-Industria 4.0, que ten entre os seus eixes de actuación a aposta polas persoas e organizacións para acadar empresas altamente especializadas e competitivas. O obxectivo é chegar, durante os dous próximos anos, a máis de 10.000 emprendedores e empresarios galegos mellorando a capacitación profesional de máis de 4.000 pemes.

Para acadar esta meta, o programa incorpora distintas accións formativas nos eidos do emprendemento, a industria, a internacionalización e a formación e os recursos en liña. Aspírase así a incrementar a capacitación profesional dos emprendedores e das pemes contribuindo ao seu crecemento, ao tempo que se facilitan novas oportunidades de negocio no mercado global e se contribúe a xerar en Galicia un polo de coñecemento empresarial.

No eido da Industria 4.0, o Capacita prevé unha liña de capacitación sectorial para realizar talleres especializados neste campo. Ademais, achegaranse servizos de asistencia, diagnóstico e implantación de solucións para o desenvolvemento da fábrica intelixente.

Ademais, e en sintonía co previsto na Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020, impulsarase a formación en idiomas, atendendo de modo especial ao inglés. Neste sentido, desenvolveranse cursos intensivos especializados en ámbitos propios do mundo empresarial como os contratos internacionais, a lexislación ou as exportacións. Ademais, realizaranse cursos de especialización sectorial en inglés en sectores prioritarios como o naval, o téxtil, o enerxético, o loxístico, as TIC ou o agro-mar-industria.

Neste contexto de internacionalización, o programa promoverá a formación de novos talentos mediante bolsas de promoción e prácticas no estranxeiro. Así mesmo, impulsarase a capacitación dos directivos e mandos intermedios galegos así como a profesionalización das súas pemes a través dunha formación específica adaptada ás súas necesidades. Ademais, levaranse a cabo distintas xornadas informativas para abordar as principais cuestións de actualidade empresarial como chave da competitividade presente e futura.

Así mesmo, entre as principais actuacións do Capacita recóllese a creación dunha plataforma de formación en liña que facilitará a realización de actividades formativas adaptadas aos horarios e as necesidades do tecido empresarial galego. A dita plataforma, sustentada nos múltiples contidos formativos con que xa conta o Igape, incorporará un sistema de xestión que facilitará o seu emprego atendendo aos distintos requirimentos formativos dos seus usuarios.

No tocante ao emprendemento, reforzaranse os diferentes servizos de apoio ao emprendedor focalizados na Unidade Galicia Emprende. Así, potenciarase o apoio á Rede de Mentores de cara a apoiar a consolidación e o crecemento das pemes galegas a través do intercambio de coñecemento de empresarios e xestores experimentados con emprendedores e novos empresarios; e os focos de emprendemento industrial en sectores específicos, os denominados *business factories*. Unha oferta que se complementará cos denominados itinerarios formativos do emprendedor, que achegarán a formación necesaria para acompañar o emprendedor desde a idea de negocio ata a creación da súa propia empresa.

Co desenvolvemento destas liñas de actuación, o Capacita busca achegar aos emprendedores e empresarios galegos os coñecementos, as habilidades e capacidades necesarios para un mellor aproveitamento do seu talento, contribuíndo á mellora competitiva dos seus negocios nun contorno económico tan variable como o actual.

SANIDADE INICIA A DEMOSTRACIÓN DAS DÚAS INNOVADORAS UNIDADES MÓBILES DE ATENCIÓN DIAGNÓSTICO-TERAPÉUTICA

- *Este contrato, que se está a desenvolver nos prazos previstos, enmárcase dentro do convenio de Innova Saúde*
- *O orzamento ascende a 1,7 millóns de euros, cofinanciado nun 80% por fondos Feder-Fondo Tecnolóxico*
- *A adxudicataria é a empresa Alegría Activity, S.L.*

A Consellería de Sanidade está a rematar os preparativos para iniciar a fase de demostración, para o seu seguimento e avaliación, das dúas innovadoras unidades móbiles de atención diagnóstico-terapéutica.

Así, estanse a cumprir os prazos previstos, seguindo os criterios establecidos nos pregos, baixo a supervisión de profesionais do Servizo Galego de Saúde tanto dos servizos centrais, para aspectos técnicos de construción, como dos servizos clínicos.

Fase de demostración

No mes de setembro colocaranse os dous dispositivos en paralelo no Complexo Hospitalario de Ourense para realizar cirurxía maior ambulatoria e estarán integrados co resto de quirófanos do centro.

Posteriormente, no mes de outubro, Ponte Noalla contará cun punto de atención para realizar actividade ordinaria e cirurxía menor e, finalmente, este dispositivo trasladarase en novembro á Gudiña para realizar a mesma actividade.

A contratación destes puntos de atención realizouse mediante compra pública de tecnoloxía innovadora (CPI), na que Galicia é referente nacional e internacional, por un importe de 1.747.433 euros.

Esta iniciativa, que se enmarca dentro do convenio de Innova Saúde cofinanciado nun 80% por fondos Feder-Fondo Tecnolóxico, adxudicouse á empresa Alegría Activity, S.L., que conta ata o 30 de novembro deste ano para a súa execución.

Obxectivos do proxecto

Este proxecto permitirá atender as necesidades conxunturais polo incremento da actividade asistencial en zonas que ven aumentada substancialmente a súa poboación en determinados períodos, como a época estival, ou ante o caso de situacións concretas de emerxencia, continxencia ou estacionais.

Ademais, posibilitará resolver as circunstancias de asistencia xeradas por factores de tipo estrutural, como poderían ser unhas reformas nun centro de saúde, nun consultorio rural ou incluso nun quirófano. Doutra banda, poderán ser empregados para impartir formación a pacientes e coidadores en hábitos de vida saudables, actividades preventivas ou para formar profesionais no manexo de diferentes técnicas diagnósticas e terapéuticas.

Deste xeito incrementase a eficacia da atención sanitaria en xeral e, en particular, da atención primaria, achegando probas diagnósticas ou cirurxía menor a centros nos cales non se dispón delas, mellorando a equidade entre pacientes e diminuíndo a variabilidade entre os profesionais e os usuarios.

Tamén contará coa posibilidade de unir os dous dispositivos permitindo a realización de cirurxía maior ambulatoria, transformando un nun quirófano e o outro nunha área postcirúrxica. Este uso realizarase nun entorno hospitalario e no caso de que se produza algún tipo de continxencia nalgúns dos quirófanos existentes no centro sanitario.

SANIDADE ACADA UN AFORRO DE 6,1 MILLÓNS DE EUROS NA SÚA FACTURA FARMACÉUTICA NOS PRIMEIROS CINCO MESES DO ANO

- *As medidas para mellorar a prestación farmacéutica permitiron aumentar a calidade e a seguridade do paciente*
- *Galicia logrou unha diminución do 2,15% do gasto, respecto ao mesmo período do ano anterior*
- *O gasto medio por receita acadou unha cifra, no mes de maio de 2015, de 11,11 euros, un 2,66% menos comparado co mesmo mes de 2014 pero aínda por riba da media do Sistema Nacional de Saúde (10,71 euros)*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe vén de abordar un informe do Servizo Galego de Saúde referido ás iniciativas postas en marcha pola Administración sanitaria galega en relación coa prestación farmacéutica e do gasto farmacéutico en maio de 2015.

Así, do informe despréndese que Galicia está a mellorar a prestación farmacéutica, a calidade e a seguridade, grazas á posta en marcha, desde o ano 2009, dun Plan de racionalización do gasto farmacéutico, que está a posibilitar o desenvolvemento de mellores prácticas de prescrición e o bo uso do medicamento, e que busca a participación e sensibilización de todos os axentes implicados na cadea de prescrición/dispensación do medicamento.

Neste eido, Galicia obtivo, dende xaneiro a maio do presente ano, un aforro no gasto farmacéutico de receita de 6.143.992 euros, o que comporta unha diminución do 2,15% do gasto do mesmo período do ano anterior, mentres que o gasto medio do Sistema Nacional de Saúde aumentou un 0,89%.

Ademais, e tamén como consecuencia da posta en marcha deste plan de medidas, o gasto medio por receita neses cinco primeiros meses do presente ano continúa diminuindo, acadando una cifra, no mes de maio, de 11,11 euros, un 2,66% menos comparado co mesmo mes de 2014. Sen embargo, hai marxe de mellora tendo en conta que o custo medio por receita no SNS, que se mantén estable no que vai de ano, é de 10,71 euros.

Outro dato para destacar é a evolución da prescrición de envases xenéricos, xa que Galicia pasou de ser das últimas comunidades en canto á porcentaxe de prescrición de xenéricos a ocupar unha posición intermedia, como sucede na actualidade (43% en maio de 2015 fronte a menos do 10% de 2009).

Medidas

Entres as medidas máis destacadas postas en marcha por Sanidade para conseguir estes bos resultados destacan a implantación da receita electrónica en todas as farmacias e centros de saúde, pasando dunha cobertura do 3% ao 100%; a incorporación dun módulo de prescrición da historia clínica electrónica para facilitar unha prescrición segura, eficiente e de calidade e a incorporación de indicadores de calidade de prescrición nos acordos de xestión do Sergas cos seus centros.

Tamén cómpre subliñar a implantación do catálogo priorizado de medicamentos, e o programa para a mellora da calidade na atención ao paciente crónico e polimedicado, que aumenta a calidade, a seguridade asistencial e a prestación farmacéutica aos pacientes crónicos e polimedicados mediante o asesoramento sobre o uso de fármacos, educación sanitaria e a colaboración adecuada entre os profesionais sanitarios. Por último, tamén mencionar o programa de atención farmacéutica en residencias sociosanitarias, o impulso ás compras centralizadas ou a creación da Unidade de Apoio á Prescrición.

Cómpre sinalar que, na actualidade, máis de 123.000 cidadáns da nosa Comunidade están exentos de achega farmacéutica, e que os pensionistas pagan como máximo 8,23 ou 18,52 en función da súa renda, destacando que máis de 780.000 pensionistas achegaron de media, en abril deste ano, 3,87 euros.

Sustentabilidade do sistema sanitario

A Consellería de Sanidade conseguiu identificar e levar a cabo distintas iniciativas que permiten un mellor uso dos recursos farmacoterapéuticos, aumentando a calidade e a seguridade do paciente, e mantendo as prestacións. Ademais, os aforros obtidos permiten garantir a solvencia e facilitan a sustentabilidade do sistema sanitario galego.

Ao respecto cómpre destacar que no ano 2009 o gasto farmacéutico de receita era de 924,7 millóns de euros e a finais de 2014 este gasto situouse en 681 millóns.

No presente ano 2015, o Servizo Galego de Saúde seguirá a apostar por poñer en marcha medidas de racionalización a través do impulso de boas prácticas de prescrición e do bo uso do medicamento, realizando unha xestión eficiente dos recursos dispoñibles.